1. Yaguatirica encontra o inútil de Robinson

«Estaba pingando, non tiña nada que comer nin beber,
e non vía outro futuro ante min que morrer de fame».

Robinson Crusoe

O mar arrebolouno contra un penedo e perdeu o sentido. Encontreino así, deitado na area da praia. Daquela non sabía que se chamaba a si mesmo Robinson. Tampouco tiña idea do infame propósito da súa viaxe. Véndoo inconsciente, en perigo de ser arrastrado de novo pola resaca, resolvín salvalo, como faría con calquera outro animal da illa que está baixo o meu dominio. Debía acordalo e para iso decidín mexarlle por riba, agardando que o líquido o espertase.

Non podía saber que Jabutí estaba axexando na xunqueira, disposta a aproveitar a oportunidade de botarme un roñazo. Achegouse co seu pousón ritmo de tartaruga e rosmou:

—¡Non sexas porco! ¿Mexas por riba del?

—¿Que queres que faga? Ten que acordar.

Cumpría que Jabutí, a tartaruga, non confundise aquela axuda a un animal en perigo coa forma que teño de marcar o meu territorio, de avisar os demais: «¡Prohibido pasar!».

—¿Para que queres que acorde? Tróuxoo o mar, deixa o mar o levar.

Para Jabutí esta frase xa era longa de máis.

—Se as ondas turran del para o mar, morrerá afogado —dixen eu—. Os animais da illa están baixo a miña responsabilidade e debo coidar deles. Eu son o rei da illa. Algúns chámanme Tigre.

—Tigriño.

Xa dixen que Jabutí é animal de poucas palabras. E sendo a máis antiga da illa considérase autorizada a darlle lecciónns a calquera. Ás veces é un chisco impertinente.

—Como queira que sexa. Tigre, Onza e mais eu somos curmáns. Felinos para sermos precisos.

—Só que a Onza pesa cento cincuenta quilos e ti tres e medio.

—¿Mídese en quilos a afouteza? E non me veñas con andrómenas. Estabamos falando do náufrago, non de min.

—Un Tinga non vai traer máis que problemas.

Xa vedes, foi Jabutí quen lle puxo o nome: Tinga, branco, pola cor da súa pel que era a do leite (Aymberé, a lagarta, di a do leite fervido, mais eu nunca vin ferver leite). Nese intre Tinga estaba a piques de non ser chamado nunca dese modo, pois Jabutí se opoñía a que quedase na illa. E se non tivese bastante coa teimosía de Jabutí, escoitei unha voz que bisbaba no mato:

—Tingaaa é crueel. Tingaaa mata os gambasiñooos por praaacer.

Era Gambasiña, o pequeno marsupial de anteollos negros que, a estas horas do día, debía estar durmindo. Aínda falaba bocexando, como se non acordase de todo. Gambasiña quería dicir que el entende eu comer un deles, mais non que os homes brancos os maten sen motivo. Levaba razón no tocante á crueldade

de Tinga, cos gambás e cos humanos, mais eu ignorábao.

Unha onda bateu no penedo e o corpo de Tinga quedou mergullado na auga. Cando se retirou a onda vin con alivio que seguía sobre a area. Non había tempo que perder. A próxima podía ser maior.

—Cómpre convocar a asemblea da illa —dixen—. Que Araras, os papagaios chamen a todos a acudir baixo a árbore da Macaúba.

Os papagaios teñen a misión de transmitir as mensaxes por toda a illa. Berran «¡Asembleeea! ¡Asembleea!».

Se houbese abalo, se a marea estivese subindo, asemblea ou non asemblea, sería o final de Tinga. Mais afortunadamente era o momento do devalo, as ondas cada vez batían máis lonxe do seu corpo. Non corría perigo... ¿Non corría perigo?

¡Croc!

O coco bateu cun golpe seco na cachola de Tinga. Mirei para o alto da palmeira e só vin un remuíño de follas. Non podería aseguralo, mais diría que, adurmiñado e todo, Gambasiña estaba

tomando medidas. Tinga non ía acordar nun bo pedazo.

Aos animais da illa amólaos que os tiren das súas ocupacións —aos diurnos— ou do seu repouso —aos nocturnos— para xuntárense baixo a Macaúba. A primeira hora da tarde a calor aperta, as formigas furan máis fondo na terra procurando o fresco, até as carricantas interrompen a súa cantarela e dormen a sesta.

—Brrrrrumm, brrrum —zunou Cacira, a avespa que é capaz de largar as ferroadas máis dolorosas da illa—. ¿Quen molesta?

Adiantándome a Jabutí, tomei a palabra:

—¡Ouh habitantes da fermosa Itajubá! O mar deixou na nosa praia un pobre animal ferido. Solicito a vosa aprobación para coidalo.

—¿Que clase de animal? —preguntou Aymberé, a lagarta, sempre desconfiada— ¿Un animal con escamas, pequeno, cariñoso? ¿Ou un animal grande, xaroto, con gadoupas que rompen a cola das pobres lagartas?

—¿Que animal, Yaguatirica? Di que animal é —chifrou Arara.

E os papagaios todos soletrearon a coro:

—¿Que a-ni-mal? ¿Que a-ni-mal? Di que a-ni-mal.

—Non ten gadoupas —dixen eu, conciliador, agochando as miñas baixo as patas—. Aínda que eu non vexo que teñen de malo as gadoupas.

—Non teño nada en contra das túas gadoupas —intentou amañalo Aymberé, a lagarta—. Mais chega con esas gadoupas. Non precisamos máis na illa. Nin Tigre nin Onza.

—É un animal humano —dixen eu—. Non ten gadoupas... nin escamas. A súa pel está espida como a dunha miñoca. É un pobre náufrago.

—¡Náufrago! ¡Náufrago! —cantaruxaron os grilos— ¡Que bonita palabra! Eu tamén quero un náufrago, náufrago.

—Náufrago, si —concedeu Jabutí—, mais non pobre. En canto acorde xa verás como...

Quedamos sen saber o que temía Jabutí para cando Tinga acordase, pois un forte ruxido interrompeuna.

—¡Grrraumm!

E con esta carta de presentación, Airuman chimpou desde as ponlas da Macaúba ao medio do claro.

¡Airuman! É, coma min, unha pequena tigresa. Pequena porque, segundo Jabutí, pesa pouco máis de tres quilos. Mais ten un non sei que, que concentra nela todas as olladas. A súa pelaxe é dourada, con pencas escuras que son como as miñas pero distintas, máis elegantes. Cando se espreguiza, o mundo deixa de dar voltas. E se bate as pestanas, sinto un remuíño na barriga como peixes chimpando no río. Parece que foi onte, era unha cría que interrompía a miña caza pola selva sen que eu lle prestase atención. Agora daría calquera cousa porque me mirase pestanexando.

—¿A que vén tanto barullo? —dixo.

—Tinga —informou Jabutí—. Yaguatirica quere que acollamos un Tinga.

—Un Tiiinga que matará gambasiños —dixo Gambasiña, sen baixar da Macaúba.

—Non matará tal —dixen eu—. É un coitado, un náufrago que non ten tobo onde ir. En

canto descanse e lamba as súas feridas volverá ao mar. ¿Ou vistes algunha vez un animal humano que ficase na illa?

—¿Empeñas a túa palabra en que non matará gambasiños? —preguntou Gambasiña.

—Empeño, si. Ben sabes que os humanos son moi torpes para subir ás árbores. Sobre todo os de cor branca, os tingas.

—¿Poderei aguilloalo se esmaga un dos meus niños? —preguntou Cacira, a avespa.

— Iso é un asunto entre ti e mais el. Se lle largas o ferrete, eu non o vou defender. O único que estamos acordando é que fique por un tempo na illa, mentres se recupera.

—Eu dou a miña aprobación —dixo Cacira— e a de todos os meus, as avespas. Mais que ande con tento, pois estamos autorizadas a aguilloalo.

—Eu tamén dou a miña aprobación —dixo Aymberé, a lagarta— e a de todos os meus. Os tingas non comen lagartas nin teñen gadoupas. Porén, gustaríame máis un náufrago con escamas.

A sapa Cururú, a máis sabia dos animais da illa, nada dixo, mais asentiu coa cachola.

Tamén os grilos, as formigas e as carricantas deron a súa aprobación. E tras eles araras e tucanos, ratos e esquíos. De modo que, a pesar de que Jabutí votou en contra e de que Gambasiña seguía rosmando, a asemblea de Itajubá acordou que Tinga fose acollido na illa. Espoliñei con orgullo, pensando que Airuman me contemplaría admirada. Mais ela, acabada a xuntanza, desapareceu entre as follas da Macaúba.

Eu rebordaba satisfacción polo meu éxito. Non tiña idea dos sarillos nos que me estaba metendo.

Destes acordos Tinga nada sabía e continuaba deitado na area sen dar sinais de vida. Achegueime a el e dispoñíame a mexarlle outra vez por riba, cando comezou a remexer e, un momento despois, sentou na area pasando a man polos ollos. Eu, por se acaso, retireime por detrás do canaval para observalo.

Púxose en pé e mirou arredor. Percorreu a praia dun estremo a outro dando mostras de desacougo: revolvendo os cabelos e axitando os brazos.

—¡Sen nada que comer! —murmurou axitado— Morrerei de fame.

¿Morrer de fame na nosa illa? Pregunteime se estaba cego, mais o que non sabe é como o que non ve. A carón da praia medraban palmeiras, árbores e arbustos cargados de froitos saborosos: cocos, doces abius amarelos, goiabas, buritis de palmeira, ananás, dicuris de coqueiro, açaís e pitangas vermellos, castañas de sapucaia e centos máis das moitas froitas que a nosa selva da Mata Atlántica lle ofrece ao que ten fame. Mesmo os froitos da macaúba son comestibles ou iso contan.

Iso contan, pois de todo isto eu nada como, as herbas non me gorentan. Porén, unha vez que estaba esfurricado, comín goiaba para curar a diarrea e ben me sabía. Mais ao curar, seguín coa miña dieta de... ben, xa sabedes o que comemos os tigres.

Mais Tinga, non sendo capaz de distinguir estes froitos, ou crendo que todos eles eran vele-

nosos, conformouse con beber unha pouca auga dun regato que ía desembocar na praia e mascar unha presa de tabaco. Despois subiu a un abieiro e, rodeado de abius, preparouse a durmir, tan famento que as súas tripas renxían. Era como se un tigre durmise no medio dunha camada de ratos e esquíos dicindo que non tiña que comer. Absurdo, como tantas outras accións del que máis tarde habían sorprenderme. Polo momento, como estaba caendo a noite, entrei no mato pois debía procurar a miña cea. Tanto pensar no que podía xantar Tinga causárame unha enorme larica.

Cando ao día seguinte baixei á praia, o primeiro que me sorprendeu foi albiscar o barco moi perto de nós. Na súa proa líase o nome, *Desolação*, Desolación, que non podía ser máis adecuado para o seu perverso fin. De forma que o temporal non fora capaz de afundilo. Tinga debeu observar o mesmo, pois estaba tirando parte da súa roupa, dispoñéndose a nadar cara a el. Tardou varias horas en regresar e, cando o fixo, foi a bordo dunha balsa, armada cos mas-

tros e outros madeiros do barco, na que transportaba algunhas caixas e arcas que supuxen acuguladas de comida. Con certeza levaba os petos cheos dun pan seco, que segundo aprendín despois chamaba galleta, e do que tiraba cada pouco un anaco para comer. Como alguén rodeado de ananás zumentas, frescos cocos e saborosas goiabas prefire comer pan reseso, é un misterio que aínda hoxe non son quen de comprender.

Abriu unha das arcas e tirou fóra un par de pistolóns, que meteu no cinto, un corno dalgún animal descoñecido na nosa illa, que encheu dun pó griseiro, que supuxen sería pólvora, e unha enorme escopeta. Así armado, como se fose conquistar unha fortaleza, entrou no mato e comezou a disparar ao aire.

¡Que balbordo de paxaros! Co estoupido dos disparos, as aves deixaron o acougo das pólas das árbores e comezaron a revoar sobre a cabeza de Tinga. Saíras e papagaios, colibrís, tucanos e surucuás insultaban a quen perturbaba o seu traballo.

—Moco-amarelo-do-bisavó-da raposa —dixo o Tucano de bico verde—. Se te encontro

outra vez na praia empurrarei o teu corpo para a auga.

Gambasiña asomou o seu fociño rosa entre as follas da sapucaia para tomarme a requesta. Parecía que nos seus ollos negros, sempre húmidos, brillaba unha bágoa.

—¿Fuches ti, Yaguatirica, quen empeñou a súa palabra en que non ía matar gambasiños? O primeiro que fai é ir ao barco por escopetas e andar a tiros.

—Aínda non matou ningún...

—Só porque é moi mal tirador —contestou ela.

Sen preocuparse polos insultos dos paxaros, que probablemente non entendía, Tinga continuaba dando tiros ao aire. Aínda que non conseguiu derribar paxaro ningún, ao final un tiro debeu acertar no coqueiro que estaba xusto enriba del.

¡Croc!

O coco bateu na cachola de Tinga que caeu redondo ao chan.

Os paxaros volveron acougar. A selva recuperou, non o silencio, pois case nunca está silen-

ciosa, mais si os seus murmurios. Gambasiña agochouse de novo entre as follas da sapucaia.

Eu, asañado, decidín que se subía a marea e levaba a Tinga, non ía ser eu quen o impedise. Mentres tanto, por se acaso, achegueime á caixa onde gardaba a pólvora e boteille unha boa mexada. Poucas cousas hai tan inútiles como a pólvora mollada. Aínda que para inútil, Tinga, que seica noutra illa se chamaba a si mesmo Robinson.